# BUSCAS

## Buscas na intranet

1. **BUSCA SIMPLE**
2. **BUSCA AVANZADA**
3. **EXEMPLOS DE BUSCAS**
    3.1. Busca por tipo de ítem
    3.2. Busca por tipo de material
    3.3. Busca combinada
4. **BUSCA DE EXEMPLARES**
    4.1. Acceso ao formulario
    4.2. Realizar a busca
    4.3. Visualización de resultados da busca

## 1. BUSCA SIMPLE

As buscas de exemplares e rexistros bibliográficos permiten recuperar información e visualizar o fondo bibliográfico que compón o catálogo.

O proceso de busca pode ser simple, empregando palabras clave relacionadas co documento que se quere atopar (que van ser buscadas en calquera campo do rexistro: título, editorial, resumo, materias...) e seguindo estes pasos:

1.- Na pantalla de inicio, escolle a opción *Buscar no catálogo* da barra superior.




2.- Introduce a(s) palabra(s) clave coa(s) que queres realizar a busca e preme o botón *Enviar*.




3.- O sistema amosará nunha táboa os rexistros bibliográficos atopados, os exemplares asociados a cada un deles, a súa localización e a dispoñibilidade.




4.- Para acceder ao detalle do bibliográfico, preme sobre o título do rexistro bibliográfico (destacado en azul). Na parte inferior da nova pantalla amósanse os datos dos exemplares existentes na nosa biblioteca.



## 2. BUSCA AVANZADA

A busca avanzada permite localizar exemplares combinando diferentes filtros. Para realizala, segue estes pasos:

1.- Preme na opción *Busca* > *Busca avanzada* do menú superior ou en *Busca avanzada* do menú da pantalla de inicio.




2.- Configura os criterios polos que quere filtrar a busca empregando os distintos campos dispoñibles: título, autoría, materia, ISBN...

A través das pestanas *Tipo de ítem* e *Tipo de material*, Koha permite realizar unha busca moito máis afinada. Dende a busca avanzada pódese realizar unha combinación dos distintos campos de busca.

Unha vez establecidos todos os filtros, preme o botón *Buscar*.




3.- O sistema amosará nunha táboa os rexistros bibliográficos atopados, os exemplares asociados a cada un deles, a súa localización e dispoñibilidade.



4.- Para acceder ao detalle do bibliográfico, preme sobre o título do rexistro bibliográfico (destacado en azul). Na parte inferior da nova pantalla amósanse os datos dos exemplares existentes na biblioteca.




## 3. EXEMPLOS DE BUSCAS

### 3.1. BUSCA POR TIPO DE ÍTEM

Dende a busca avanzada pódese filtrar polo tipo de ítem asociado a un exemplar.

Para facer unha busca por tipo de ítem, é necesario dirixirse á súa pestana e marcar a opción ou as opcións desexadas. Este filtro pode combinarse con outros, agás co de *Tipo de material*.




## 3.2. BUSCA POR TIPO DE MATERIAL

Permite filtrar a busca polo tipo de documento que se está buscando (arquivo de ordenador, música...).

Para facer unha busca por tipo de material, elixe a súa pestana e marca a(s) opción(s) desexada(s). Este filtro pode combinarse con outros, agás co de *Tipo de ítem*.



### 3.3. BUSCA COMBINADA

Permite combinar distintos filtros.

Por exemplo, se filtras *Título: Bolechas* e *Tipo de ítem: Prestable*, só devolverá documentos dos Bolechas cuxa política de circulación permita que o alumnado os leve en préstamo á casa.




## 4. BUSCA DE EXEMPLARES

Ademais da busca simple e a busca avanzada, Koha permite realizar unha busca por exemplar, filtrando por campos asociados ao exemplar e non ao bibliográfico, como a súa localización en estante, establecendo un filtro por rango de sinatura topográfica etc.

### 4.1. ACCESO AO FORMULARIO

**a) Dende busca avanzada**

1.- Preme na opción *Busca > Busca avanzada* do menú superior ou *Busca avanzada* do menú da pantalla de inicio.




2.- Preme na opción *Ir á busca de exemplar*.




## b) Dende o menú superior

1.- Preme na opción *Buscar > Busca de exemplar* do menú superior da Intranet.



## 4.2. REALIZAR A BUSCA

Seguindo calquera das rutas explicadas no punto anterior, amósase a pantalla *Busca de exemplar*, na que se presenta un formulario cos distintos filtros configurables e combinables entre si (por exemplo, todos os ítems de tipo *Prestable* cuxa sinatura comeza por "7").

Na busca por sinatura poden usarse comodíns (%) o que facilita a recuperación, sen ter que introducir a sinatura exacta, por exemplo:

- Sinaturas que comezan por 7: buscar por "7%".
- Sinaturas que conteñan as letras "gal", pero que poidan ter algo antes ou despois: buscar por "%gal%".




Unha vez configurados os filtros de busca, preme o botón *Buscar*.




## 4.3. VISUALIZACIÓN DE RESULTADOS DA BUSCA

Os resultados atopados visualizaranse nunha táboa na que se mostran os detalles de cada exemplar.



Resultados da busca de exemplar

Ir á busca avanzada

Editar busca | Exportar como CSV | Exportar resultados a un ficheiro de códigos de barra

Mostrando 1 a 20 de 352 Mostrar 20 entradas Primeiro Previo 1 2 3 4 5 … 18 Seguinte Último

| Título | Data de publicación | Editor | Colección | Código de barras | Sinatura | Biblioteca de orixe | Localización actual | Localización en estante | Número de inventario | Estado | Préstamos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| ¡Adivina qué represento! | 2019 | :Akros | | CEL009000003297 | 79 adi | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Sala préstamo | | | 0 | Editar |
| ¿Do s ojos? Félix, Lucie | 2014 | :Libros del Zorro Rojo | | CEL009000003585 | 73 FEL dos | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Maletas viaxeiras | | | 0 | Editar |
| 12 monos [ | 1997 | :CIC | | CEL009000001019 | 791 GIL 12m | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Maletas viaxeiras | | | 0 | Editar |
| 12 monos [ | 1997 | :CIC | | CEL009000001071 | 791 GIL 12m | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Maletas viaxeiras | | | 0 | Editar |
| 20.000 leguas de viaje submarino [ | 1984 | :Walt Disney Home Video | | CEL009000001498 | 79 FLE 20. | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Maletas viaxeiras | | | 0 | Editar |
| 200 1, una odisea del espacio [ | 2001 | :Warner Home Video Española | | CEL009000001020 | 791 KUB 200 | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Maletas viaxeiras | | | 0 | Editar |
| 200 1, una odisea del espacio [ | 2001 | :Warner Home Video Española | | CEL009000001072 | 791 KUB 200 | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Maletas viaxeiras | | | 0 | Editar |
| 25 recetas de slime sin boÌ□rax AdriaÌ□n PeÌ□rez Rama | 2018 | :HeÌ□rcules | | CEL009000003082 | 74 PE□R 25 | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Sala préstamo | | | 0 | Editar |
| 34 burros (contando tamén un que aínda non naceu) e 343 pedras (incluído un monte) para James Sacré | 2006 | :APALC | | CEL009000000256 | 74 VAR 34 | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Sala préstamo | | | 0 | Editar |

Se queres acceder ao detalle do:

- Rexistro bibliográfico ao que pertence o exemplar, preme sobre o título.
- Exemplar, pulsar sobre o código de barras.




| Titulo | Data de publicación | Editor | Colección | Código de barras | Sinatura | Biblioteca de orixe | Localización actual | Localización en estante | Número de inventario | Estado | Préstamos | |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| De lo fantastico a lo real Serrano Cueto, José Manuel ( | 2003 | :Nivola | | CEL009000001265 | 79 SER del | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Sala préstamo | | | 0 | Editar |
| De lo fantastico a lo real Serrano Cueto, José Manuel ( | 2003 | :Nivola | | CEL009000001322 | 79 SER del | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Maletas viaxeiras | | | 0 | Editar |
| Diccionario de Física VILALTA LÓPEZ, Ramón | 2005 | :Baía | Diccionarios Temáticos Baía | CEL009000001006 | 53 VIL dic | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Maletas viaxeiras | | | 0 | Editar |
| Diccionario de Física VILALTA LÓPEZ, Ramón | 2005 | :Baía | Diccionarios Temáticos Baía | CEL009000001057 | 53 VIL dic | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Maletas viaxeiras | | | 0 | Editar |
| Diccionario escolar da lingua galega [ | 2010 | :Everest Galicia | | CEL009000000052 | 038 VAR dic | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Sala préstamo | | | 0 | Editar |
| La práctica educativa. Como enseñar Zabala Vidiella, Antoni | 1995 | :Graó | | CEL009000000187 | 37 ZAB prá | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Asesoría de Bibliotecas Escolares | Sala préstamo | | | 0 | Editar |

Mostrando 1 a 6 de 6 Primeiro Previo 1 Seguinte Último